

TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BCC de Galicia

Procedementos dos bens culturais
Departamento: Tecnoloxía e procedementos dos bens culturais.
Formación básica
Curso: 2º
Anual
7 ECTS
Teórico-práctica
Profesorado:
Pablo Porral /Alberto Conde (1º cuadrimestre)
Carmen Lage / Profesor: José Antonio Quinteiro (2º cuadrimestre)
pabloporral@edu.xunta.gal/ albertoconde@edu.xunta.gal
carmenlage@edu.xunta.gal/ quinteiroalonso@edu.xunta.
Horario: 4 horas semanais
DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Teoría e práctica dos diferentes procedementos e técnicas artísticas (bidimensionais e tridimensionais) e a súa aplicación en conservación-restauración.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os

CURSO ACADÉMICO 2023-2024

	mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario..
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA	
Coñecer os distintos materiais empregados para a creación das obras e normativa básica como a correcta forma de aplicación, compatibilidades e diferentes usos (segundo a técnica empregada), características dos mesmos e posibilidades plásticas.	
Acadar a capacidade, como consecuencia do coñecemento dos materiais constitutivos das obras e as súas compatibilidades, de comprender mellor as causas que provocan a degradación das obras (aplicación pouco correcta dos materiais, técnica defectuosa, factores ambientais, etc.) e evitalas.	
Coñecer as técnicas tradicionais e contemporáneas para a creación de obras artísticas e de bens culturais.	
Acadar a capacidade do coñecemento práctico de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais.	
Comprender e aplicar os diferentes procedementos e técnicas artísticas.	
Acadar a capacidade de coñecemento da dinámica das obras e as distintas fases de que consta o proceso de creación artístico, a través de un contacto directo coas mesmas.	
Comprender e aplicar a potencialidade artística de cada técnica.	
Comprender e aplicar as normas de seguridade, hixiene, saúde e medio ambiente da actividade dun obradoiro de arte.	

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidades	Subtemas	% da materia
1º cuadrimestre		
2.1. Modelado con barro.	Exercicios	12,5%
2.2. Técnicas de moldaxe e baleirado con escaiola.	Moldes	12,5%
2.3 Técnicas de moldaxe con silicona.	Exercicios	12,5%
2º cuadrimestre		
1.1. Evolución dos materiais e utensilios de debuxo e pintura. Técnicas húmidas.	Acuarela e tintas	12,5%
1.2. Soportes bidimensionais. Tipos de preparacións. Capa pictórica.	Preparacións	12,5%
1.3. Recursos técnicos do temple.	Temple	12,5%

1.4. Recursos técnicos do óleo.	Bodegón	12,5%
1.5. Outras técnicas bidimensionais.	Realización de probetas	12,5%

PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	48	0	48
Resolución de problemas ou exercicios	20	20	40
Prácticas	75	0	75
Traballo autónomo	0	11	11
Total	144	31	175

METODOLOXÍA DOCENTE	
Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas	Actividades de aplicación dos coñecementos a propostas concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais. Desenvólvense en espazos especiais con dotación especializada (aula de procedementos).

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Traballo e resolución de problemas e exercicios.	Puntualidade na entrega. Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Calidade: rigor técnico; grao de aplicación de	80%

	conceptos teóricos. Responsabilidade no traballo.	
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula-taller	Participación na clase baseada en argumentos motivados, diferenciando a opinión persoal do xuízo crítico. Interese Capacidade de organización Limpeza e orde no taller	20%
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

SISTEMAS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA OS CONTIDOS DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE

Será imprescindible a execución de tódolos traballos propostos nas diferentes unidades didácticas así como a entrega dos mesmos nas datas establecidas.

Informarase ao longo de todo o curso ao alumnado sobre a avaliación de cada un dos traballos propostos.

Ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, realizarase unha nova entrega de traballos que servirá de recuperación dos traballos non superados, sempre e cando non foran entregados dentro das datas establecidas.

Todos os alumnos teñen o dereito a ser avaliados mediante unha proba final extraordinaria.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA ESPECÍFICO PARA OS CONTIDOS DO SEGUNDO CUADRIMESTRE

A. Avaliación Ordinaria

- Exercicios propostos e realizados na aula – 100%
- Exercicio teórico-práctico - 20% (en caso de non acadar nota media de 5 nas UD)

B. Avaliación Extraordinaria

- Exercicio/os práctico/os onde se avalían determinados contidos da disciplina - 80%
- Exercicio/os teórico/os onde se avalían determinados contidos da disciplina - 20%

Todos os estudantes terán dereito a dúas convocatorias: ordinaria e extraordinaria. As datas de realización serán sinaladas pola Escola no calendario oficial do curso que se poderá consultar na páxina en rede.

Para aqueles estudantes que non asisten regularmente ás clases, a cualificación das probas escritas (teóricas ou prácticas) da convocatoria ordinaria será o 100% da nota final da disciplina.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

CURSO ACADÉMICO 2023-2024



Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso, a través de titorías presenciais, correo electrónico e tamén atención telefónica. Cada profesor/a, entre os catro que imparten a docencia, indicará ao alumnado o mellor método en cada caso.

Existirá unha plataforma MOODLE diferente para cada cuadrimestre, onde se especificará o detalle dos procedementos de atención e avaliación, especialmente no caso hipotético dun confinamento prolongado ou corentena de todo o grupo.

En xeral, utilizarase a plataforma MOODLE para proporcionar ao alumnado materiais e bibliografía para un correcto seguimento da docencia, así como os exercicios a desenvolver en certos casos e programar e entregar as tarefas.

No caso de que se suspendese a actividade presencial, a docencia seguirá desenvolvéndose de forma virtual mediante as ferramentas que proporciona a Consellería de Educación (MOODLE e WEBEX), empregando as ferramentas de comunicación escollidas por cada profesor/a.

Nese caso, poderase empregar a aula virtual MOODLE, exactamente igual que para a ensinanza presencial, para compartir apuntamentos e contidos varios co alumnado, así como para programar e entregar as tarefas. Tamén poderá facerse uso de foros e pequenas tarefas de seguimento tipo test ou de resposta curta, De darse o caso, poderán tamén realizarse probas escritas a través de moodle ou outros sistemas, como Google Drive (con conexión simultánea de todo o alumnado).

Non se contempla a modificación dos criterios de avaliación en ningún caso.

En caso de confinamento, se existise posibilidade de previsión con antelación suficiente poderá realizarse unha entrega de material para a realización de prácticas na casa.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Bruquetas, Rocío. *Técnicas y materiales de la pintura española de los siglos de oro* Fundación de Apoyo a la Historia del Arte Hispánico, Madrid, 2005

Krung, Margaret. *Manual para el artista. Medios y técnicas*. Blume. 2008, p.256.

Smith, Ray. *El manual del artista*. Blume. 1991, p. 352.

Doerner, Max. *Los materiales de la pintura y su empleo en el arte*. Reverté. Barcelona, 1989, p.351.

Mayer, Ralph. *Los materiales del arte*. Blume, Madrid, 2005

Berger, John. *Mirar*. GG. 2003, p.188.

Berger, John. *El tamaño de una bolsa*. GG. 2003.

Guasch, Gemma, Óleo. Josep Asunción. Parramón. 2008, p. 121.

Bailly, Jean Chistopher. *La llamada muda*. Akal. 2001, p. 175.

Domínguez Ortiz, Antonio *et al. Velázquez*. Ministerio de cultura, 1990, p.467.

Da Vinci, Leonardo. *Tratado de pintura*. Akal. 2010. p. 508.

Cennini, Cennino. *El libro del arte*. Akal. 2006. p. 264.

Alberti, Leon Battista. *De la pintura y otros escritos sobre arte*. Tecnos. 2007. p. 206.

VVAA. *Conceptos fundamentales del lenguaje escultórico*. AKAL. Bellas Artes.

Recursos online

<https://www.artehistoria.jcyl.es/v2/obras/>

<https://www.coronado-bellasartes.com>

<https://enviarte.wordpress.com/>



<https://www.manualidadesybellasartes.com/auxiliares.html>

<https://www.museoreinasofia.es/autores>

<https://www.museothyssen.org/thyssen/artistas>

https://www.pelikan.com/pulse/Pulsar/es_ES.CMS.displayCMS.7813./bienvenido-a-pelikan

<https://www.porticolibrerias.es/arte.htm>

<https://www.talens.com/>

<https://www.winsornewton.com/?gclid=CPXdqafSwqkCFcIMfAodfCxqOQ>

OBSERVACIÓNS

- A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia, e con parte da bibliografía recomendada.
- Ao longo das UDs impartidas durante o segundo cuadrimestre do curso 2020-21 (preferentemente as relacionadas coas técnicas húmidas) integráranse aquelas UDs relacionadas cos sistemas de representación pertencentes a “Debuxo e Cor”, de 1º curso, non impartidas durante o período de confinamento do curso académico 2019-20.